

Viveiro, 13 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4045

Anuncio

EXPEDIENTE: 1063/2023

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Art.2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do xoves, 26 de xaneiro de 2023, Núm. 22, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “**TÉCNICO/A DE ARQUIVO**”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “**TÉCNICO/A DE ARQUIVO**”, funcionario de carreira.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 19 de novembro de 2024, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta do Tribunal a favor de Don José María Fernández Prieto, como **aspirante seleccionado**, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “**TÉCNICO/A DE ARQUIVO**” (SX6.3/036) na Escala Administración Xeral, Subescala de Xestión, como funcionario de carreira.

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala “(…) **14. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO.**

14.1 Órgano competente.

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 13.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días

hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

14.2. Publicación.

A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.

14.3. Remate do proceso selectivo.

A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.

15. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.

15.1. Prazo.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.

15.2. Falta de toma de posesión.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.

15.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato...”

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

Tendo en conta que o aspirante seleccionado presentou a documentación en tempo e forma que se requeria no punto 13 das bases xerais.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear a *Don José María Fernández Prieto*, como funcionario de carreira para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “**TÉCNICO/A DE ARQUIVO**” (SX6.3/036) na Escala Administración Especial, Subescala Técnica do Concello de Viveiro.

O prazo de toma de posesión da praza e do posto será de 15 días naturais a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia. No caso de persoal funcionario interino e eventual, a toma de posesión producirase ao día seguinte ao nomeamento; de conformidade co disposto no artigo 114.12 en consonancia coa Disposición Transitoria 4ª do Real Decreto-Lei 6/2023, de 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenazgo.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á interesada, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 13 de decembro de 2024 .-A Alcaldesa, Dª. María Loureiro García, Ante min, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, Dª. María Luz Balsa Rábade.

R. 4046